

Plan de Acollida

CEIP PLURILINGÜE

SANTA MARÍA



CURSO 2020/2021

ÍNDICE

1. Novas normas de organización e funcionamento	3
2. Actuacións de prevención, hixiene e protección	6
3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial	9
4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.....	9

1. Novas normas de organización e funcionamento do centro

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio. Neste cadro/resumo reflectimos as máis salientables:

Tema	Modificación
Horario de entrada	6º educación infantil: 9:00h 4º e 5º educación infantil: 9:10h Educación primaria Entrada: 1º, 3º e 6º EP: 9:00 - 9:10 h 2º, 4º e 5º EP: 8:50 – 9:00 h
Horario de saída	Educación infantil: 13:50h 2º, 3º e 5º de primaria: 14:00 1º, 4º e 6º de primaria: 14:05
Horario de recreo	De 10:55h a 11:25h 4º e 5º de Educación infantil 1º, 2º e 3º de educación primaria De 11:30h a 12h 6º de educación infantil 4º, 5º e 6º de educación primaria
Espazo de recreo	Patio de educación primaria Para educación primaria crearanse tres zonas diferenciadas que garantan que cada nivel poda ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social: - zona esquerda da pista: 1º e 4º de EP - zona central da pista: 2º e 5º de EP - zona dereita: 3º e 6º de EP Os recreos de infantil serán no seu patio. Os días de chuvia o alumnado permanecerá na súa aula usando máscara. Aumentarase a ventilación da aula, e as xanelas permanecerán abertas durante todo o recreo sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.

<p>Gardas de entrada</p>	<p>Os mestres entrarán pola porta principal do pavillón grande á que se accede por unha escalinata. Tamén o farán as persoas externas ao centro no caso de que deban achegarse aos servizos administrativos do centro.</p> <p>Os alumnos de educación infantil entrarán pola cancela do seu patio acompañados, se procede, polos seus proxenitores e os seus mestres ata a porta do pavillón pequeno, excepto 4.º de educación infantil que accederá pola porta da súa propia aula.</p> <p>Os alumnos de educación primaria accederán ao centro polas cancelas do patio traseiro, establecendo a debida separación entre ambas, 1º e 2º pola pequena e o resto dos cursos pola grande, dirixíndose ás portas dos seus respectivos pavillóns. Unha vez no interior dos edificios, seguirán as rutas indicadas mediante frechas no chan.</p> <p>As saídas realizaranse polas mesmas portas que as entradas, excepto 5º e 6º EP que sairán pola porta principal do pavillón grande.</p> <p>O profesorado que imparta docencia á 1ª hora farase cargo do grupo que lle corresponda, sendo o que teña clase á última hora o que se encargue da saída.</p> <p>Haberá un profesor de garda situado ao lado dos dispensadores de xel das entradas para supervisar a correcta hixienización das mans e catro vixiando as distancias nos corredores e a correcta separación nas filas de entrada.</p>
<p>Acompañamento do alumnado</p>	<p>Limítase a un acompañante por alumno no recinto escolar tanto nas entradas como na saída.</p>
<p>Titorías</p>	<p>As titorías realizaranse preferentemente por vía telefónica. Excepcionalmente poderán ser presenciais respectando as medidas de seguridade.</p>
<p>Biblioteca</p>	<p>Prestará a maioría dos servizos de antes da pandemia adaptados á actual situación e cun aforo do 50%.</p>
<p>Aula de informática</p>	<p>Formarase ao alumnado desde o comezo do curso no uso da aula virtual e no manexo de aspectos básicos informáticos para o desenvolvemento do ensino “online” .</p> <p>Extremaranse os protocolos de limpeza por ser aulas de uso compartido.</p>
<p>Uso de aseos</p>	<p>Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais.</p>

Circulación polo centro	Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación.
Actividades entre niveis	Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel.

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións por nivel coas familias.

Estas reunións terán lugar no ximnasio do colexio baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m.
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Entre reunións haberá 30' de separación, tempo no que se ventilará o ximnasio e realizaranse labores de limpeza nas cadeiras empregadas e no resto do recinto. As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

Nivel	Data	Hora
4º de educación infantil	7/9/2020	11.30h
5º de educación infantil	7/9/2020	11:30h
6º de educación infantil	7/9/2020	10h
1º de primaria	8/9/2020	10h
2º de primaria	8/9/2020	11:30h
3º de primaria	8/9/2020	13h
4º de primaria	9/9/2020	10h
5º de primaria	9/9/2020	11:30h
6º de primaria	9/9/2020	13h

O alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican cambios no acceso ao colexio, na ruta que debe seguir para chegar á súa aula e nos horarios de entrada e saída. Nesta táboa están organizadas as distintas quendas.

Cursos	Zona de recepción	Hora de entrada	Hora de saída
2° EP	Cancela pequena do patio de recreo	8:50-9:00 h	14:00h
5° EP	Porta principal	8:50-9:00 h	14:00h
4° EP	Cancela grande do patio de recreo	8:50-9:00 h	14:05
6° EP	Porta principal	9:00-9:10 h	14:05
3° EP	Cancela pequena do patio de recreo	9:00-9:10 h	14:00h
1° EP	Cancela grande do patio de recreo	9:00-9:10 h	14:05
6° EI	Cancela patio infantil	9:00 h	13:50h
4° EI	Cancela patio infantil (entran pola porta do patio da súa aula)	9:10 h	13:50h
5° EI	Cancela patio infantil	9:10 h	13:50h

2. Actuacións de prevención, hixiene e protección

PREVENCIÓN

Crearase un Equipo COVID que actuará coma referencia para a comunidade educativa. Ademais establecerase un espazo de illamento COVID no que permanecerán aquelas persoas que presenten síntomas desta enfermidade mentres se xestiona o seu traslado.

As actuacións de prevención perseguirán os seguintes obxectivos:

- Evitar aglomeracións

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Establecer quendas de recreo.
- Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos.

- Distancia social

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

- Responsabilidade individual

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa COVID.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa COVID; para elo deberán facer un test diario no que comprobren a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

HIXIENE

- Hixiene xeral do centro

- Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal.
- Realizar desinfeccións dos aseos tres veces por mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola mañá e pola tarde..
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas e outros espazos.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

- Hixiene persoal

- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas entradas ao colexio e nas aulas, ademais do que terá cada alumno no seu estoxo a partir de 3º de

primaria. Tamén disporán de xabón líquido nos baños.

- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.
- Rutinas de responsabilidade individual
- Limpeza de elementos compartidos: a comunidade educativa ten que concienciarse da necesidade de desinfectar os equipos e materiais que empregue antes e despois do seu uso. Para iso disporá de produtos de desinfección e limpeza proporcionados polo centro.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada membro da comunidade educativa ten os seus elementos persoais de traballo e debe encargarse da súa desinfección periódica. Así deberá limpar a miúdo, por exemplo, a mesa de traballo, a súa cadeira, bolígrafos..., ademais do traballo específico realizado polo persoal de limpeza.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns.
- Xabón: nos aseos.
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Toallas desinfectantes: en todas as aulas.
- Solución desinfectante: nas aulas.

PROTECCIÓN

- Uso de máscara

- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas e recomendado para educación infantil.

- Pantallas

- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.

3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial

- O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na COVID 19, así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- Durante as primeiras semanas de clase cada profesor/a familiarizará ao alumnado co funcionamento da súa aula virtual. A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:
 - Acceso á aula virtual de infantil a 6º de primaria e a EVA – Edixgal, 5º de primaria.
 - Acceso aos diferentes cursos / áreas nos que estea matriculado/a de infantil a 6º.
 - Envío de tarefas a través da aula virtual de infantil a 6º e da plataforma EVA, 5º EP.
 - Xestión da súa conta de correo electrónico e funcionalidades básicas da conta (nube, vídeo, documentos) de 3º a 6º de primaria.
 - Consulta de cualificacións e comentarios.
 - Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual e de EVA.
- O coordinador de TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual, comunicación coa UAC, co responsable Abalar de zona, divulgación de accións de formación...

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación AbalarMóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado.
- Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ceip.santamaria.aspontes@edu.xunta.gal
- Teléfono para comunicación directa e inmediata.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

- Esta pandemia trouxo acusados cambios na forma de relacionarnos cos demais. É a nosa responsabilidade transmitirle aos alumnos a necesidade do uso das mascarillas que nos impiden ver

en parte as nosas expresións e de manter esa incómoda distancia física. Pero isto non debe impedir que os nosos nenos se sintan tan cerca de nós como antes de que este virus trastocase as nosas vidas.

- Faremos ver ao noso alumnado que as medidas de protección, hixiene e distanciamento social, aínda que coartan a nosa liberdade, tómanse en beneficio de toda a sociedade e por tanto contribuirán a poñer fin a esta situación que vivimos.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións; deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.
- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- Deberemos facer ver aos nenos que estar afectado polo virus ou ser sospeitoso de padecelo non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, procurando apoiar e coidar emocionalmente do compañeiro/a.
- Temos que formar ao noso alumnado para que busque información científica e contrastada arredor da enfermidade e non se deixe levar por falsas informacións que a miúdo aparecen nas redes.

Desde o Departamento de Orientación darase resposta a aquelas situacións que o requiran de forma máis individualizada.

ANEXO

PERIODO DE ADAPTACIÓN 4º INFANTIL

EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2020-2021



CEIPP SANTA MARÍA
AS PONTES

PERIODO DE ADAPTACIÓN

Defínese o período de adaptación como o período de tempo que transcorre desde que o neno/a se incorpora á escola ata que está integrado no seu grupo-clase. Pode ademais considerarse como o proceso mediante o cal o neno/a vai superando de forma positiva o conflito que lle ocasiona a separación da familia e o enfrontamento cun novo medio social.

1. Estratexias a seguir durante o PA:

Debido á situación na que nos atopamos derivada pola crise sanitaria da Covid-19, a organización espacial da aula respetará as normas de seguridade e hixiene contempladas no Protocolo Covid do centro.

Estableceranse momentos de hixiene e desinfección de mans e prestarase especial atención ao uso individual tanto dos espazos como dos materiais existentes na aula. Os materiais serán sempre desinfectados despois do seu uso e se fose necesario deixaríanse en corentena.

No que se refire á organización espacial procurarase que a aula sexa de fácil acceso, agradable e onde se converta nun espazo enriquecedor.

No que ao tempo se refire, a organización do mesmo será flexible e dinámica, con momentos de encontros en pequeno grupo, prestando tamén moita atención ás entradas e saídas que terán que producirse dun xeito rápido e ordenado para poder así garantir as medidas de seguridade contempladas no Protocolo Covid do centro e aos momentos de xogo tanto dentro da aula como no patio onde se priorizará o pequeno grupo ou os xogos individuais.

Os horarios dos primeiros días de permanencia van ser algo máis curtos e, paulatinamente, iranse ampliando ata permanecer a totalidade do horario segundo a planificación do centro recollida na PXA.

As familias teñen unha gran importancia neste proceso. É importante crear un clima de tranquilidade e confianza e manter contactos previos á escolarización mediante reunións, entrevistas...

2. Fases do programa de incorporación á escola:

Previo ao inicio das clases manterase unha reunión informativa cos pais/nais para falar das pautas a seguir, as normas establecidas e o compromiso que supón para eles o cumprimento das mesmas.

Comentaremos de forma pormenorizada, os aspectos programados para este período, así como o seu desenvolvemento, para transmitirilles seguridade e tranquilidade durante o mesmo.

Establecemos desde o **10 ata o 28 de setembro** unha organización especial que fará referencia aos seguintes aspectos: colaboración e participación coas familias; flexibilización do calendario e horario para os novos escolares; actividades encamiñadas cara a unha mellor adaptación e agrupamento flexible do alumnado.

Os obxectivos que propoñemos neste período son:

- a) Para o **nen/a**: aceptar o novo espazo e ser capaz de moverse nel libremente; explorar novo material; adaptarse ás rutinas; comprender e recordar as normas e pautas que a mestra vai establecendo; admitir progresivamente a separación dos seus pais e establecer vínculos de afectividade cos demais nenos/as e coa mestra.
- b) Para o **pai/nai**: superar a angustia da separación; confiar no equipo docente; despedirse do seu fillo/a sen enganos e seguridade e coñecer e valorar o período polo que pasa o neno/a.
- c) Para a mestra: amosar unha actitude receptiva a cada alumno/a; permitir que os nenos/as coñezan o centro e exploren os materiais existentes na aula; programar actividades atractivas, coñecer ao grupo a través da observación, recollendo datos como as preferencias, os intereses, a capacidade de razoamento, a linguaxe, a autonomía, a iniciativa...

A principios do mes de setembro preparamos a entrada graduada como veremos posteriormente dos nenos/as que comezan o novo curso.

A primeira semana permanecerán na aula 1h., na segunda semana estarán 2h. e media e merendaremos todos xuntos. A partir do 28 de setembro asistirán xa en horario normal.

Nas actividades programadas para estes días prestarase especial atención ao descubrimento e exploración dos espazos, manipulación de materiais e á interacción e integración grupal. E seguindo o Protocolo Covid, prestarase tamén especial

atención ás medidas de hixiene e seguridade como son o lavado de mans, o uso de máscara... Farase mediante actividades lúdicas como cancións para que sexa de maior interese para o noso alumnado.

É importante coidar o momento da despedida. Os pais ou acompañante débense despedir sempre cunha actitude tranquila e confiada na que se lle explique, sen enganalo/a a onde vai e cando volverá.

3. Recollida de información:

Durante este período é importante a recollida de información sobre os nenos/as e sobre o seu ambiente familiar. Así obsérvase: a actitude que mostra na chegada; a relación cos espazos (se permanece nun espazo concreto, se se move...); a relación cos obxectos (o uso que fai dos materiais); a relación con outros nenos/as (se xoga só, se se relaciona cos demais...); a relación cos adultos, tanto co adulto que o acompaña como coa mestra.

Usaranse follas de rexistro nas que se anotarán aspectos da evolución dos nenos/as.

Con todo eses datos poderase ir valorando o grao de adaptación e cando se pode dar por finalizado o período. Segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar do curso 20/21, o período de adaptación do alumnado de EI que se incorpora por primeira vez ao centro terá a mínima duración posible que permita acadar os seus obxectivos, non podendo prolongarse máis alá do 30 de setembro.

Durante o PA preténdese que o neno/a chegue a interesarse pola escola, que se sinta a gusto e que saiba desenvolverse dentro do grupo, utilizando dun modo axeitado espazo e materiais.

4. Avaliación do PA:

Con respecto a que avaliar do PA centrarémonos en actitudes e comportamentos do tipo de: aspectos relacionais, adaptación á escola, personalidade, xogo, hábitos básicos de autonomía, actitudes e aptitudes fronte ao traballo escolar.

En relación a como avaliar, o tipo de avaliación será continua co fin de recoller información para tomar decisións que axuden aos nenos/as e facilitar a súa adaptación ao medio escolar. Como técnica básica utilízase a observación directa a través das actividades que realice.

No que respecta a cando avaliar o período de adaptación como proceso global, farase ao longo da duración do mesmo, se ben a avaliación é continua. Estableceranse algunhas consideracións en canto aos momentos especialmente significativas (a chegada, o reencontro coa familia...) e as observacións que se realizarán en distintas situacións procurando as mesmas circunstancias para todos os nenos: xogo libre, dirixido, grupal...

5. Marco legal que regula o PA:

- Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil en Galicia.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se desenvolve o Decreto 374/96.
- Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 20/21.
- Resolución do 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establece a incorporación gradual do alumnado para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia

GRUPO DE 3 ANOS:

Titora: Mirian Alameda López

Alarcón Pose, Adrián
Bellas Meizoso, Daniela
Campos Caaveiro, Oliver
Cobo Da Silva, Leo
Criado Castro, Martina
Felgueiras Bouza, Hugo
Jiménez Tojeiro, Simón
Souto March, Arnau

GRUPOS:

GRUPO A	GRUPO B
Adrián	Martina
Daniela	Hugo
Oliver	Simón
Leo	Arnau

6. CALENDARIO:

XOVES 10 DE SETEMBRO	
NON HAI CLASE. SÓ PARA ENTREGA DE MATERIAL	
10:00 - 10:30	Adrián Daniela Oliver Leo (GRUPO A)
11:45 - 12:15	Martina Hugo Simón Arnau (GRUPO B)

	VENRES 11	LUNS 14	MARTES 15	MÉRCORES 16	XOVES 17	VENRES 18
9:30- 10:30	GRUPO A	GRUPO B	GRUPO A	GRUPO B	GRUPO A	GRUPO B
12:30- 13:30	GRUPO B	GRUPO A	GRUPO B	GRUPO A	GRUPO B	GRUPO A

	LUNS 21	MARTES 22	MÉRCORES 23	XOVES 24	VENRES 25
10:00- 12:30	GRUPO A GRUPO B	GRUPO A GRUPO B	GRUPO A GRUPO B	GRUPO A GRUPO B	GRUPO A GRUPO B



ESTA SEMANA ASISTIRÁN TODOS OS ALUMNOS E ALUMNAS XUNTOS E TRAERÁN A MERENDA NAS SÚAS MOCHILAS.



O LUNS 28 DE SETEMBRO COMEZAREMOS CO HORARIO HABITUAL DE 09:10 A 13:50.

7. ENTREVISTAS INDIVIDUAIS:

	LUNS 14	MARTES 15	MÉRCORES 16	XOVES 17	VENRES 18
13:30- 14:00	ENTREVISTA ADRIÁN	ENTREVISTA MARTINA	ENTREVISTA DANIELA	ENTREVISTA HUGO	ENTREVISTA OLIVER
	LUNS 21	MARTES 22	MÉRCORES 23	XOVES 24	VENRES 25
12:30 13:00	ENTREVISTA LEO	ENTREVISTA SIMÓN	ENTREVISTA ARNAU		